



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INGRESARÁ EN FEBREIRO AS AXUDAS DE 2.000 € AOS ADXUDICATARIOS DAS VIVENDAS DE XARÁS

- ***O delegado da Consellería informou do procedemento para o cobro destas axudas ás familias afectadas nunha reunión celebrada esta mañá en Ribeira***
- ***As obras de remate do edificio foron licitadas por 1,3 millóns de euros e un prazo de execución de 12 meses. Están en proceso de adxudicación***

Santiago de Compostela, 19 xaneiro 2008.- A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Teresa Táboas, ingresará no mes de febreiro as axudas de 2.000 € aos adxudicatarios das vivendas de Xarás, no Concello de Ribeira. Así llo comunicou o delegado provincial da Consellería, Xoán Carlos Bascuas, ás familias afectadas coas que se reuniu esta mañá en Ribeira.

Neste encontro, o delegado confirmou aos adxudicatarios que se efectuará un só pago de 2.000 € por familia, así como do procedemento a seguir para acceder a esta subvención puntual. As familias que figuren na lista de adxudicatarios definitivos deben aportar unha fotocopia compulsada do DNI e un certificado da conta bancaria na que queren que se lle ingrese esta cantidade.

Con esta subvención, a Consellería de Vivenda e Solo contribúe ao pago do aluguer das familias afectadas pola rescisión do contrato de obra, non imputable a este Departamento Autonómico, das 21 vivendas de promoción pública que se están a construír na parroquia de Xarás.

A Consellería de Vivenda e Solo asinou en outubro de 2006 o expediente de rescisión do contrato coa empresa adxudicataria por incumprimento do prazo establecido para a execución da obra, que era de 18 meses a contar desde a sinatura da acta de replanteo. A sinatura de dita acta produciuse en marzo de 2005 polo que o prazo rematou en setembro de 2006, momento no que tan só estaba executada o 13,85% da obra.

A Consellería de Vivenda e Solo licitou en decembro de 2007 as obras de remate das 21 vivendas protexidas de promoción pública de Xarás, no Concello de Ribeira, por 1.353.397 €, obras que neste momento están en proceso de adxudicación. O prazo de execución dos traballos será de 12 meses, a contar desde a sinatura da Acta de comprobación do replanteo e inicio das obras coa empresa adxudicataria.

Trátase de 7 edificios, que albergan 3 vivendas cada un, de baixo, unha planta e baixocuberta. En total son 14 dúplex cunha superficie útil de 90 metros cadrados e 4 dormitorios. Outras 6 vivendas, situadas nas plantas baixas, teñen 78,45 metros cadrados útiles e 3 dormitorios. E, por último, hai unha vivenda, tamén en planta baixa, de 78,70 metros cadrados útiles e 2 dormitorios adaptada para persoas con mobilidade reducida.

Saúdos, Gabinete de Comunicación.